# "RADIO ROSIÑA", *O AFLUENTE MÁIS SONORO DA BIBLIOTECA DO C.E.I.P. VÍCTOR SÁENZ*



Susi Doel Mourenza

Encontros PLAMBE
12 e 13 de marzo de 2020

# ÍNDICE

I. Introdución.
II. Primeiros pasos para a creación do estudio radiofónico.
III. Formación e primeiras probas.
IV. Os nosos programas: retos, tipos, escaleta...
V. Apoio da radio ao currículo.
VI. Divulgación.
VII. Un día en "Radio Rosiña".
VIII. Motivos polos que incorporar a radio na vida da escolar.

# I. INTRODUCIÓN








# II. PRIMEIROS PASOS




- **Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (2010-11)**

**ocasiona**

**Transformación da dinámica do centro**

- **Solicitude para participar no Proxecto "Radio na Biblio" (2017-18)**
- **Ampliación do espazo físico da biblioteca (imposibilidade de colocar o estudio dentro dela)**





- **Outras melloras:**
  - **- cartel luminoso no exterior;**
  - **- dúas pantallas no ordenador do control de son;**
  - **- atrís para colocar os guións.**









ON AIR
RADIO
RaRo
ROSIÑA
corridor
Letras Galegas 2018
SOBRE TODO, MESTRA
Letras Galegas 2018
AMOR AOS QUE DEIXAN PEGADA
Letras Galegas 2018
UNHA PERSOA IMPRESCINDIBLE
Letras Galegas 2018
DEIXOU UN GRAN LEGADO
Letras Galegas 2018
XENEROSA ATA A FIN
María Victoria Moreno
Leonardo
e os fontaneiros

# III. FORMACIÓN E PRIMEIRAS PROBAS



- **Javier Prado, de “Rede Espora”.**
- **Profesorado**
- **Alumnado**



**Luís Losada, de “Rede Espora”.**



**Pablo Portabales, de "Radio Voz".**

**Loreto Silvoso, de "Radio Voz".**



- **Formación do alumnado entre si.**
- **Carnés de radio.**





# RADIO ROSIÑA

C.E.I.P. VÍCTOR SÁENZ- San Cosme de Antes

**1º Encender o equipo e o programa de gravación "Audacity".**



**2º Colocar nos atrís a escaleta e o guión do programa.**



**3º Facer un pequeno *Chek in* comprobando todos os micrófonos.**



**4º Comezar a gravación!!!**




**5º Nomear e gardar.**




**6º Escoitar, editar e publicar en *Ivoox*.**





- **A primeira gravación, para participar no “Día Mundial da Radio” con “Rede Espora”.**

- **Logo e sintonía**









# IV. OS NOSOS PROGRAMAS: RETOS, FORMATO...

## *"TES QUE LELO": OS BOOKCLUBERS*




Din que á xente nova cada vez lle interesan máis os videoxogos e menos ler contos e libros, pero dende a nosa biblioteca sabemos que iso non é verdade. Vós ides ser os responsables de transmitirlle ao mundo a verdade sobre o xenial que son as nosas bibliotecas, e todos os contos e libros que hai aquí dentro. Recomendade aos vosos compañeiros e compañeiras eses libros que tanto vos gustaron para que sigan viaxando... Para iso teredes que preparar entrevistas por parellas nas que faledes dun libro que teñades lido. Deberedes chegar a un acordo para decidir quen entrevista a quen e quen se encargará de manexar a mesa de mezclas. A continuación, faredes o guión do programa partindo da seguinte escaleta:

| |
|---|
|  **SINTONÍA DE "RADIO ROSIÑA"** |
| **Presentación do programa**: o presentador/a ou entrevistador/a dános a benvida e presenta ao convidado/a do programa |
| **Entrevista sobre o libro**: o/a entrevistador/a fai as preguntas á persoa convidada |
| **Despedida**: o mesmo presentador/a despide o programa |
| **SINTONÍA DE "RADIO ROSIÑA"**  |

## MODELO DE ENTREVISTA

1.- Que libro recomendarías aos nosos ouvintes?

Título:

Autor:

Editorial:

2.- Como o conseguiches?

3.- Por que o recomendas?

4.- Cal foi o fragmento que máis che gustou?

- **Fomentar a lectura.**
- **Apoiar o desenvolvemento de contidos curriculares.**
- **Divulgar o patrimonio.**
- **Facer entrevistas.**














CON-CIENCIA
SENNHEISER

# V. APOIO DA RADIO NA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

## COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

**A lingua como ferramenta fundamental na expresión oral e escrita.**
**Lectura en voz alta. Entoación e dicción.**

## COMPETENCIA DIXITAL

**Uso da tecnoloxía.**

## APRENDER A APRENDER

**O erro como parte do proceso de aprendizaxe.**
**Autocorrección.**
**Organización da aprendizaxe.**
**Xestión do tempo de xeito eficaz.**

## COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

**Distribución do traballo por grupos.**
**Respecto polas opinións das demais.**
**Colaboración.**

## SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

**Creatividade.**
**Toma de decisión.**
**Transformación de ideas en actos.**

## CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

**Coñecemento e valoración do noso patrimonio cultural: literario, musical, tradicional, etc.**

## COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

**Aplicación de conceptos matemáticos na gravación e edición de programas: duración.**

# VI. DIVULGACIÓN

- **Creación dunha conta en "Ivoox".**
- **Enlaces no blog da biblioteca.**

luns, 2 de marzo de 2020

### 5º E 6º FALAN DE DISFRACES EN "RADIO ROSIÑA"



Parella (femia e macho) de lavancos reals.

Rematado o Entroido, en **"Radio Rosiña"** comezamos a gravar os programas nos que explicamos os motivos polos que eliximos o disfraz que luciu cada un dos grupos do cole. En 5º e 6º facíalles especial ilusión o dos patos, partindo do coñecidísimo conto "O patiño feo". Pero a partir de aí, ademais de recortar e pegar un montón de plumas no seu disfraz, descubriron outras moitas cousas sobre estas coñecidas aves, que quixeron contarnos neste programa adicado ao Entroido: **"Os disfraces de Rosiña"**. Aquí vos deixo o podcast, no que **participaron todas as nenas e nenos de 5º e 6º**: Joel (presentador), Paula Barcia, Nerea, Alejandro, Brais, Miguel, Samuel, Ramiro, Alba, Andrea, Paula López (nos micrófonos), Jorge Lema e Jorge Otero (nos micrófonos e no control técnico). **NORABOA!!!**




Por Radio Rosiña

Os disfraces de Rosiña - 5º e 6º falan sobre patos

Descargar APP

REPRODUCIR

00:00 04:23

Rosiña

Publicado por Biblioteca Víctor Sáenz ás 19:55 0 comentarios

Ligazóns a esta publicación

Etiquetas: aves, Curso 2019-20, Entroido, Mazarico le co pico, programas radiofónicos, Radio na biblio, Radio Rosiña, Traballo do alumnado

# • Guía de usuarios para escoitar e descargar os podcasts.



## "RADIO ROSIÑA"
## GUÍA PARA DESCARGAR OS *PODCAST* EN "IVOOX"




### PASO 1

O máis sinxelo é comezar accedendo dende o blog da nosa biblioteca:

https://bibliovictorsaenz.blogspot.com/




Unha vez aquí, entrade nalgunha noticia relacionada coa "Radio Rosiña".




Se non atoparades ningunha na páxina principal, lembrade que hai un **buscador por temas** na barra lateral dereita que vos axudará a seleccionar o contido que elixades. Neste caso, premendo sobre as palabras **"Radio na biblio"** ou **"Radio Rosiña"** atoparedes todas as entradas relacionadas coa nosa radio.




Unha vez aí, teredes **dúas opcións** dispoñibles:

**1-Reproducir a gravación no navegador.**

**2-Escoitala na aplicación,** que podedes descargar gratuitamente.

### PASO 2

Elixide **"Descargar APP"** .




E **"Instalar"** no móbil.




A aplicación **é gratuíta** para móbiles, polo que non precisades ingresar ningún dato bancario.

Dende o ordenador solicitaravos unha conta de correo electrónico, a través da cal vos irán dando as instrucións para acceder a "Ivoox".

Unha vez descargada e instalada a aplicación, preguntaravos se queredes recibir un **aviso cada vez que "Radio Rosiña" faga unha publicación**. Se aceptades premendo en **OK**, estaredes subscritos/-as á nosa canle.

### PASO 3

-**Escoitar** "Radio Rosiña", **facer comentarios** sobre o que vos parecen os nosos programas, **dialogar** cos vosos fillos e fillas sobre a actividade, etc.

Lembrade que esta é unha **actividade moi fermosa** na que os vosos nenos e nenas participan con moito entusiasmo, esforzándose por facelo dun xeito extraordinario, e aprendendo a expresarse correctamente, escoitarse, gañar autonomía, medrar persoalmente..., **comunicarse!!!**

Rosiña

Bibliotecas escolares de Galicia

**Biblioteca do C.E.I.P. Víctor Sáenz**

**San Cosme de Antes (Mazaricos)**

- **Participación en diversas propostas: “Rede Espora”, “Ponte nas Ondas”, I Concurso de Podcasts “Radio na biblio”,...**


SENNHEISER

- **Posibilidade de enviar os podcasts a emisoras locais (“Radio Xallas”).**

# VII. UN DÍA EN "RADIO ROSIÑA"

**1- Preséntase o reto-programa ao alumnado.**



**2- Realizan a escaleta, decidindo quen fai cada cousa:**

- **-control;**
- **-presentación;**
- **-etc.**



**3- Traballo na aula.**

**4- Proba antes de ir ao estudio.**

**5- As persoas que se encargan do control abren o estudio, encenden o programa, buscan a música, etc.**



**6- Gravación.**

**7- Escoita e decisión: é óptima?**

**-SI: edítase.**

**-NON: repítese a gravación.**

**8- Súbese a “Ivoox” e enlázase no blog da biblioteca.**

# VIII. MOTIVOS POLOS QUE INCORPORAR A RADIO NA VIDA ESCOLAR



# A AUGA DESTE RÍO NON DEIXA DE SOAR...



# OBRIGADA!

